

Bases do Festival de Comparsas

Pavillón municipal dos deportes

O Grove, 18 de febreiro de 2012

INSCRICIÓN

Unha. Todas as comparsas que queiran participar no concurso teñen que inscribirse no Rexistro do Concello do Grove, cubrindo para iso a folla de inscrición que lles será facilitada alí. O prazo remata o mércores 8 de febreiro de 2012, ás 14.00 h. A participación leva consigo a aceptación das presentes bases.

Dúas. O festival contará coa participación dun máximo de 10 comparsas –incluídas as que vaian fóra de concurso, se algunha o desexa así–; no caso de superar esta cantidade, seleccionaranse pola súa orde de inscrición e con prioridade para as comparsas do Grove.

COMPOSICIÓN

Tres. As comparsas teñen que estar formadas, como mínimo, por 15 persoas, e terán un representante legal maior de idade, o cal asume a responsabilidade diante de reclamacións de terceiros que puidesen producirse, tanto polo contido das letras, como pola utilización das músicas ou vestiarios.

ACTUACIÓN

Catro. A orde de actuación será a resultante dun sorteo que se realizará o luns 13 de febreiro, ás 20.00 h, no salón de plenos da Casa do Concello.

Cinco. As comparsas comprométense a estar o sábado 18 de febreiro, coa suficiente antelación, diante do pavillón dos deportes para participar no festival no posto que lles fose asignado no sorteo. O festival comezará puntualmente ás 20.30 h.

Seis. Será por conta do Concello a instalación do escenario, iluminación, son e decoración do pavillón. As comparsas contarán con medios propios para faceren a súa actuación, e terán un máximo de 25 minutos desde que suban ata que baixen do escenario, onde non poderán deixar ningunha das súas pertenzas. O xurado poderá penalizar como considere oportuno o incumprimento deste punto.

Sete. A entrada e a saída de cada comparsa será ordenada, pola porta lateral do pavillón, non podendo acceder ao seu interior ata que lles chegue a orde da súa actuación; mentres tanto, poderán permanecer na casa da cultura. Unha vez rematada a súa actuación, os membros das comparsas poderán permanecer no pavillón, sen facer ningún tipo de ruído. O xurado poderá penalizar como considere oportuno o incumprimento deste punto.

Oito. As comparsas non poderán usar na súa actuación lume, fume ou calquera outro material que supoña un perigo para a vida e a saúde das persoas. O xurado penalizará as comparsas que incumpran este apartado coa súa eliminación automática.

Nove. Unha vez rematado o festival, as comparsas comprométense a retirar do pavillón todas as súas pertenzas. O Concello descontará dos premios os gastos de persoal e transporte que puidesen ocasionar as retiradas non realizadas polas propias comparsas.

Dez. As dependencias da casa da cultura, se algunha comparsa o solicita na ficha de inscrición, estarán dispoñibles ata o inicio do festival para que as comparsas poidan depositar alí calquera pertenza, baixo a súa responsabilidade.

Once. As comparsas non poderán utilizar o pavillón ese día, para facilitar a montaxe do escenario, son, iluminación e demais. No caso de que o Concello acorde coa empresa de son a realización dalgunha proba coas comparsas, estas serán avisadas, e a súa realización estará suxeita ás indicacións dos técnicos.

Doce. Co fin de acadar o mellor festival posible no seu conxunto e ofrecer maior visibilidade e axilidade no seu desenvolvemento, evitando demoras ou posibles problemas técnicos que poidan deslucilo, quedará a expensas dos técnicos de son e/ou TV a aceptación ou non da inclusión de música/vídeos facilitados polas propias comparsas (a través de CD, pendrive...).

XURADO

Trece. O xurado estará composto por 9 persoas, divididas en 3 bloques de 3, que valorarán os seguintes aspectos das actuacións:

- Interpretación: valorándose a música, o canto e a posta en escena.
- Vestiario: valorándose a súa realización artesanal, a súa orixinalidade e vistosidade, o mesmo que as maquillaxes e complementos.
- Crítica: valorándose a letra, a finura do aguillón e a súa capacidade de berrarlle ao Entroido coas mellores formas.

Catorce. Cada membro do xurado votará só ao seu bloque de competencia, cunha única cifra de puntuación, que estará comprendido entre 1 e o número total de comparsas a concurso, e sen poder repetir o valor votado en ningún outro caso.

O concelleiro de Cultura fará de secretario e só dará apoio e explicación sobre o contido e os criterios destas bases, se fose necesario. O secretario non terá opción a voto.

Quince. Unha vez rematada a votación, o concelleiro de Cultura, diante de todos os membros do xurado, sumará as puntuacións e redactará a acta, que será asinada polos tres presidentes –un de cada bloque– e comunicada ao público asistente. Unha vez coñecido o nome da comparsa gañadora, recibirá a Bandeira do Entroido 2012 de mans do alcalde do Concello do Grove.

Dezaseis. Os membros das comparsas respectarán o labor do xurado, non entrando en conversación con el. Acatarán a súa decisión, aínda que non a compartan. O xurado pode eliminar calquera comparsa se estima que algún dos seus membros non respecta os contrincantes.

PREMIOS

Dezasete. Os premios quedan establecidos do xeito seguinte:

- Primeiro: 1.100 euros, diploma e bandeira
- Segundo: 950 euros e diploma
- Terceiro: 850 euros e diploma
- Resto de participantes: 350 euros

DA ORGANIZACIÓN

Dezaoito. As comparsas terán a obriga de entregarlle 12 exemplares das súas historias ao Concello do Grove, a través do concelleiro de Cultura, para lles seren entregadas ao xurado e ao arquivo municipal. A data límite para esta entrega é o xoves 16 de febreiro, incluído.

Dezanove. O Concello do Grove, como organizador deste evento, pode contratar servizos ou establecer convenios de colaboración para a súa xestión ou realización con terceiros, tendentes a mellorar a organización e difusión deste e das actuacións que nel se realicen, tanto por medios audiovisuais e sonoros, radiofónicos, televisivos ou Internet, renunciando expresamente as comparsas –coa aceptación destas bases– a calquera reclamación por posibles difusión ou explotación, que será, en todo caso, responsabilidade do Concello do Grove.

O Grove, xaneiro de 2012

O concelleiro de Cultura

O alcalde

Carlos Otero Padín

Miguel Ángel Pérez García